

## ACTIVIDADES 05/05/2020

1. Indica se as seguintes afirmacións sobre os artigos que liches son verdadeiras ou falsas. Corrixe as falsas, facendo os menores cambios posibles.
  - a. As gaivotas son comúns en moitas cidades polo que se coñece moito sobre o seu comportamento urbano.
  - b. O comportamento das gaivotas amosado no estudo indica que seguen unha aprendizaxe social, tomando sinais soamente dos humanos.
  - c. As gaivotas son aves oportunistas e con pouca capacidade de adaptación.
  - d. O nome científico correcto da especie que aparece no texto é *Larus argentatus*.
  - e. As gaivotas entenden que a comida manipulada polos humanos é mellor que a que poidan atopar sen tratar.
  - f. A introducción de especies invasoras vexetais soamente afecta a outros vexetais e aos animais herbívoros.
  - g. As plantas invasoras son incapaces de transformar as condicións dun ecosistema.
  - h. A especie *Acacia dealbata* empregouse para a estabilización da area nas dunas costeiras.
  - i. As plantas invasoras nomeadas no artigo aumentan as comunidades de herbívoros, o que inflúe nas comunidades de insectos.
  - j. O investigador sinala como importante a continuidade dos estudos centrados en coñecer os cambios que as especies exóticas provocan na fauna, flora e nas redes ecolóxicas.
  
2. Indica dous problemas que presente a introdución de especies exóticas para a fauna e/ou flora dun ecosistema.